

Festas da Peregrina

Bertamiráns colle a remuda do Milladoiro nas festas de Ames

Arrancan cinco días de celebracións coa París de Noia, De Ninghures e un cartel que combina verbena, tradición e novas propostas musicais

Pablo Vázquez

Ames continúa co programa «Ames en Festas 2026», que reúne as celebracións dos dous principais núcleos do municipio. Tras as Festas da Madalena do Milladoiro, celebradas do 31 de xullo ao 4 de agosto, é a esperada quenda das Festas da Peregrina de Bertamiráns, que se desenvolverán dende hoxe e ata o 9 de agosto. Deste xeito, o Concello ofrece dez días consecutivos de programación festiva con actividades e propostas para todos os públicos.

Bertamiráns abre as súas festas este mércores coas actuacións da charanga TNT, a orquestra América de Vigo e Airiños do Paseo do Colón. Nesta primeira xornada destaca tamén a actuación de Galicia 76, formación nacida na parro-

quia de Bugallido que este ano celebra o seu 50 aniversario.

Na xornada de mañá xoves 6 de agosto chegará un dos pratos fortes da programación coa actuación da orquestra París de Noia. A xornada completárase coa charanga Compostela, a disco móbil CDC e unha nova edición do Festival Emerxente, que terá lugar no parque do Ameneiral. A iniciativa busca darlle visibilidade ao talento musical novo do municipio e de Galicia, ofrecendo un escenario a artistas emerxentes. Nesta edición participarán Lg1do, Alddara, Fran Saint Laurent, Metan e Dupliss.

A programación do venres 7 de agosto estará marcada pola música galega, coa actuación destacada de De Ninghures no parque do Ameneiral. O grupo combina o folk

de raíz galega con influencias doutras tradicións musicais. Completarán a xornada a charanga Os Celtas, a orquestra Miramar e a disco móbil CDC.

O sábado 8 de agosto chegará unha nova edición da Romaría Urbana do Ameneiral, unha cita que combinará música e gastronomía. A actividade comezará cunha sesión vermú e continuará durante a tarde coas actuacións de Tabernarias, Moel, Berlai, Maneiro e a orquestra Neverloura. A romaría contará tamén con postos de comida, obradoiros e inchables para os máis pequenos, coa intención de converter o parque do Ameneiral nun espazo de encontro para toda a veciñanza.

A programación festiva dese día completárase coas actuacións de Airiños do Paseo do Colón, a orquestra



Actuación da París de Noia nos festexos da Peregrina de 2024.

Finisterre e a disco móbil CDC.

As Festas da Peregrina rematarán o domingo 9 de agosto cunha xornada na que terá lugar o pregón de clausura, a cargo da mestra filloeira Isolina Martínez, e a tradicional sesión vermú. O peche musical correrá a cargo da Requinta da Maía, a Banda de Música de Brión e a orquestra Suavecito. ■

O programa inclúe a celebración do Festival Emerxente e da Romaría Urbana no parque do Ameneiral

AGOSTO 2026

AMES EN FESTAS

PEREGRINA BERTAMIRÁNS
05 • 06 • 07 • 08 • 09

MÉRCORES 05	XOVES 06	VENRES 07	SÁBADO 08	DOMINGO 09
AMÉRICA DE VIGO GALICIA 76 TNT	PARÍS DE NOIA FESTIVAL EMERXENTE ALDDARA / FRAN S. LAURENT METAN / DUPLISS / LG1DO CDC CHARANGA COMPOSTELA	DE NINGHURES MIRAMAR CDC CHARANGA OS CELTAS	FINISTERRE AMENEIRAL R.U. TABERNARIAS / MOEL BERLAI / MANEIRO ORQUESTA NEVERLOURA CDC	SUAVECITO BANDA DE BRIÓN REQUINTA DA AMAÍA +PREGÓN +SESIÓN VERMÚ

Deputación da Coruña

Concello de AMES

ASOCIACIÓN DE FESTAS DO MILLADOIRO

COMISIÓN DE FESTAS DE BERTAMIRÁNS

Festas da Peregrina

Iker Cotón

Isolina Martínez é a elixida para dar o pregón que pechará as Festas da Peregrina en Bertamiráns o domingo 9 de agosto. Aos seus 88 anos, recibe a noticia con sorpresa, aínda que xa ten experiencia coas citas mediáticas, pois as súas orellas con anís viralizáronse despois de aparecer no programa Hora Galega da TVG. A pesar da importancia que supón este pregón, a veciña de Bertamiráns non está nerviosa en absoluto: «Eu teño moitos anos e xa non me poño nerviosa», di entre risas. Malia todo, admite que a súa primeira reacción foi rexeitar a oferta cando lla propuxo o presidente da comisión de festas: «Dixenlle que non quería, que buscasen unha máis nova ca min», conta.

Isolina naceu no Rueiro, detrás de onde se atopa actualmente a Cafetería Tropic, no ano 1938. Fillá de labregos, sempre desfrutou das Festas da Peregrina: «Estabamos esperando pola festa para levar os estandartes. Para os rapaces e para os maiores eran uns días moi esperados». Lembra moitas noites no campo da festa bailando ao son dos Satélites, da Orquestra Florida de Pontevedra ou da Orquestra Los Trovadores. Hai 24 anos que non vai ao baile. Deixou de acudir tras o falecemento do seu marido, co que casou aos vinte anos, aínda que recoñece que «as festas seguen sendo boas».

Acorda tamén o antigo Bertamiráns onde se criou de nena e no que «había poucas casas». É por iso que

Isolina, pregoeira dunha vida en Bertamiráns

A veciña, de 88 anos, é moi coñecida e querida pola xente da vila

- Fixo varias aparicións en televisión cociñando filloas e orellas



Isolina Martínez, veciña de Bertamiráns e pregoeira das Festas da Peregrina 2026.

prefire a situación actual da vila: «Falábao coa miña neta. Agora temos moitos comercios e sitios para comer. Hai de todo». Naquel vello Bertamiráns,

Isolina traballou no colexio público e os seus alumnos aínda recordan o bo trato que recibiron desta veciña que tamén garda unha boa lembranza deles:

«Aínda que xa creceron moito e teñen fillos, para min seguen sendo os meus nenos».

Con estes nenos (xa adultos) ten

unha infinidade de historias. Moitos veciños e veciñas de Bertamiráns son testemuñas da bondade de Isolina, que «pasaba todas as tardes coséndolle a roupa a nenos e adultos». «Gastaba moito fio negro e branco», lembra. O certo é que cunha conversa duns poucos minutos coa próxima pregoeira amesá queda clara a graza natural desta muller vitalista, á que lle gusta ir ben amañada e que confesa que ten un cuarto cheo de roupa, bolsos e zapatos.

Moitos tamén coñeceron as súas especialidades culinarias: as filloas e as orellas. Estas sobremesas típicas galegas levárona á pequena pantalla con aparicións na TVG e no Canal Cocina. Nesta canle chegou a impartirle unha clase maxistral ao chef Julius sobre como facer unhas boas e tradicionais orellas, receita que herdou da súa nai, Dolores, e que contan cun ingrediente esencial: o anís.

Aínda que está moi apegada á súa terra, Isolina viaxou por todo o mundo despois de xubilarse. A súa última viaxe foi ao Xapón, xunto coa súa filla e unha neta. Tamén coñeceu os Estados Unidos, Italia, a República Checa, Polonia e moitos máis países.

O domingo, Isolina deixará por uns minutos o papel de espectadora para converterse na voz que despedirá as Festas da Peregrina. Farao rodeada dos seus veciños e veciñas, cos que compartiu toda unha vida de recordos, traballo e celebracións. Un recoñecemento a unha muller que viu medrar Bertamiráns ao tempo que ela mesma pasaba a formar parte da memoria da vila. ■

S. L. C.

O Papafigos
servizos veterinarios

CONSULTA PREVENTIVA E ASISTENCIAL
LABORATORIO PROPIO
DIAGNÓSTICO POR IMAXE
CONSULTAS A DOMICILIO
CIRURXÍA DE TECIDOS BRANDOS
TENDA ESPECIALIZADA
PERRUQUERÍA

URXENCIAS 24 H.

Horario: **L-V** 09.30-19.00 h; **sábados** 10.00-14-00 h

Tel: 981 937 279 - Urx.: 604 007 654
Praza de Cavián, Bloque 2, Portal 3 - Bx.
BERTAMIRÁNS - AMES
opapafigos@gmail.com
www.opapafigos.com

Talleres VERDE

981 88 32 53 | BERTAMIRÁNS

- Aire acondicionado • Montaje ruedas • Revisión pre-ITV •
- Vehículos nuevos • Vehículos usados • Mecánica (frenos, escapes, amortiguadores, correas distribución, etc.)
- Electricidad • Revisiones y cambio aceites •

Reparamos todas las marcas

ANA CAMIÑO
ABOGADA

Avda. da Mahía nº 68, 1º, Bertamiráns, Ames
T. 981 884 923

www.anacaminoabogado.com

Optica **Zaera**

T. 881 959 182
Poeta da Mahía, 12
Bertamiráns (A Coruña)
Nº colegiada 19244

Estamos de REBAJAS

HORIZONTAL

Comunidades

Avda. da Mahía nº 68, 1º • Bertamiráns, Ames
T. 981 884 923
www.horizontalcomunidades.com

Festas da Peregrina

Ames converte as súas festas nun gran escaparate da música galega

De Ninghures e o Festival Emerxente destacan nunha programación con propostas diversas

Pablo Vázquez

Bertamiráns e Ames apostan nas súas festas pola música e o talento galegos, cunha programación que ofrece formacións consolidadas, grupos tradicionais e novos artistas emerxentes. De Ninghures será unha das grandes apostas do cartel. A banda actuará o venres 7 no parque do Ameneiral. Trátase dunha das formacións de folk galego máis destacadas do panorama actual. A súa proposta baséase na mestura da música tradicional galega con ritmos e influencias doutros territorios, como a música latinoamericana ou magrebí. A formación chega a

Ames tras a publicación, en 2025, do seu segundo álbum, *Feira*, consolidando así a súa presenza dentro da escena musical actual.

Outra agrupación destacada será Galicia 76, unha das encargadas de inaugurar as Festas da Peregrina. Trátase dunha formación orixinaria da parroquia de Bugallido que celebra este ano os seus 50 anos de historia. Deste xeito, o Concello de Ames busca poñer en valor a importancia da música tradicional e dos grupos ligados ao propio municipio.

Pero, ademais, a programación reúne diferentes xeracións e estilos musicais. Ás grandes orquestras da

verbena súmanse formacións tradicionais, música urbana en galego e artistas emerxentes, configurando un cartel do máis diverso. Destaca a celebración do Festival Emerxente, que terá lugar mañá no parque do Ameneiral. Esta iniciativa nace como unha aposta por darlle visibilidade aos artistas do concello e da contorna de Ames, ofrecéndolles un espazo para presentar os seus proxectos en directo. Nesta edición contará de novo con Lg1 do como cabeza de cartel, artista de música urbana en galego, ademais das actuacións de Aldara, Fran Saint Laurent, Metan e Dupliss. ■



O grupo folk De Ninghures.



Lg1do, un dos artistas revelación da música urbana galega.

CEDIDA

CEDIDA



Les desea Felices Fiestas de la Peregrina

> SEGUROS 

Avda. de la Mahía, 78 - bajo, 4
BERTAMIRÁNS - Ames
T 981 89 11 00 - F 981 89 11 33
gestinfor@gestinfor.es - www.gestinfor.es



Felices Festas da Peregrina

Tómate más fruta e de saúde desfruta

Bertamiráns
 Alcalde Lorenzo, 6
 T. 981 897 959

Milladoiro
 Agro do medio (esquina con agro da Magdalena)
 T. 881 949 282



OSO BLANCO
 LAVANDERÍA AUTOSERVICIO
 Avda. Peregrina, nº 13 - Bertamiráns



clínica de podoloxía
www.podologabertamirans.com

Noemí Sanluís Fernández
 Podóloga col. nº 614
 RS: C-15-000684

Avda. da Mahía, 38 - 1º A · Bertamiráns - AMES (A Coruña)
 T. 981 884 515 (cita previa) · noemisanluis@yahoo.es

AUTOESCOLA CALO



Avda. da Mahía 20, baixo
 15220 Bertamiráns (Ames)
 881 305 313 | calo.bertamirans@gmail.com